

# Outono de actividades para os clubs da Rede Museística — Museo Pazo de Tor—



*Outono cedo de gaitas,  
moceiro de ledas choivas,  
meu nemigo!*  
[Álvaro Cunqueiro]

Poñámoslle boa cara ao previsible mal tempo, a pesar dos reparos dos versos de don Álvaro Cunqueiro. Co cambio de estación (outono-inverno), e de hora, os museos da Rede ofrecen novas actividades aos integrantes dos seus clubs Pequeamig@s, Ei! e Sénior. Actividades, por tanto, abertas á participación de todas e todos, de calquera idade ou inquietude.

Neste 2016 celebramos 10 anos en-re-da-dos, unha década de experiencias compartidas a través dunha Rede Museística creada en 2006 para que os catro museos integrados puidesen atender máis eficazmente a súa función social.

Nesa liña e con ese compromiso inicial, a área de Cultura da Deputación de Lugo e os museos da Rede Museística programan nos catro museos obradoiros e outras actividades que procuran un lecer activo, creativo e participativo. Son espazos tamén para o diálogo, para o intercambio cultural, para activar sinerxías e accións combinadas para que entre todos os museos e as persoas que participan nas actividades a realizar, construíamos un futuro mellor.

## **PROGRAMA**

### **»Obradoiro: Cousas de animais**

Castelao pon en boca dos animais a tradición popular. Coma se tratácese de fabulas, o autor fai que burros, cans, gatos, cabras, papagaios, porcos e máis.... díganos moitas cousas. Achegámonos á obra a través desta temática e usando a técnica de gravado en relevo (linogravado). Ao rematar o obradoiro, entregaranse aos asistentes os bosquejos realizados estampados na prensa.

Datas: 21 de outubro (de 11:00 a 13:30 h.)

Idades: Club Pequeamig@s

Nº de asistentes: Máximo 20

**»Obradoiro: As Irmandades da Fala (a)**

1916-2016. Cen anos do nacemento das Irmandades da Fala. Quen foron, que fixeron e por que o celebramos. Somos herdeiros eternos da súa irrupción na nosa cultura.

Datas: 5 de novembro (de 11:00 a 13:00 h.)

Idades: De 8 a 16 anos

Nº de asistentes: sen límite

**»Obradoiro: As Irmandades da Fala (b)**

1916-2016. Cen anos do nacemento das Irmandades da Fala. Quen foron, que fixeron e por que o celebramos. Somos herdeiros eternos da súa irrupción na nosa cultura.

Datas: 16 de novembro (de 18:00 a 20:00 h.)

Idades: De 8 a 16 anos

Nº de asistentes: sen límite

**»Obradoiro: Arte cotiá en papel**

Con este obradoiro preténdese coñecer mellor o noso entorno e a natureza da cor, as texturas, o volume e o espazo. O coñecemento do medio axuda a entender mellor o arte.

Datas: 11 de novembro (de 11:00 a 13:30 h.)

Idades: Club Sénior

Nº de asistentes: Máximo 20

**»Obradoiro: Xogando co papel**

Con este obradoiro, preténdese acercar os máis pequenos o mundo do volume, espazo e a cor, compartindo cos demais ao tempo que xogan e coñecen o noso museo.

Datas: 12 de novembro (de 11:00 a 13:30 h.)

Idades: Club Pequeamig@s

Nº de asistentes: Máximo 20

**»Obradoiro: Grupo de cine**

Facemos cine no interior dun pazo. Neste taller buscarase ante todo que os asistentes xoguen a crear diversos personaxes diante da cámara. Creando diferentes situacións gravadas, asociadas ó entorno do pazo onde máis pequenos son os protagonistas.

Datas: 19 de novembro (de 11:30 a 13:30 h.) e 10 de decembro (de 12:30 a 13:30 h.)

Idades: Todas as idades

Nº de asistentes: Máximo 20

**»OBRADOIRO: Nadal artístico**

Datas: 22 de decembro.

Idades: Club Sénior

Horario: de 17:00 a 19:00 horas

Participantes: sen límite

**»OBRADOIRO: Nadal artístico**

Datas: 27 de decembro.

Idades: Club Pequeamig@s

Horario: de 11:00 a 13:30 horas

Participantes: sen límite

### »**OBRADOIRO: Luz e Arte (Lámpadas)**

Luz, sombras e cor: Teremos que viaxar a través da historia para coñecer a luz e a súa importancia, dende que o ser humano controlou o lume ata o nosos días, pasando polas candeas, candelabros, palmatorias, contaremos para elo e cos faros dos barcos do noso museo.

Datas: 28 de decembro.

Idades: sen límite

Horario: de 11:30 a 13:30 horas

Participantes: sen límite

### **Exposicións**

»"Imaxes de outono da Ribeira Sacra", pinturas de Suso Talento. Inaug.: 27 de outubro.

»"Homes e bestas", fotografías de José M<sup>a</sup> Álvez e Sergio López. (do 6 de novembro ao 4 de decembro).

»Proxecto expositivo "Raíces" (programación de xénero), exposición multidisciplinar de Lucía Vila, Cristina Basanta, Cristina Vázquez "Crystilandia" e Laura Varela.

Inaug.: 19 de novembro.

### **Tor oculto**

A partir de 25 de outubro nova sala dedicada a carpintería e dasimetría.

\*\*\*

**Museo Pazo de Tor**, Monforte de Lemos. Tfno.: 982 165 534 /  
pazodetor@museolugo.org

**Xerencia da Rede Museística**: Tfno.: 699 836 883 / [xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org](mailto:xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org)

E para estar ao día de todo o que pasa nos museos da Rede Museística da Deputación de Lugo, síguenos en facebook, twitter e na web <http://www.redemuseisticalugo.org>

